

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** ESTADO DE ALARMA: SERVICIOS MINIMOS CONCELLO

**EXPEDIENTE:**2020/G003/000143

### ANTECEDENTES:

O Goberno de España declarou o día 14 de marzo de 2020 o Estado de Alarma en todo o país durante quince días, que podería prorrogarse se fose preciso coa autorización do Congreso dos Deputados, e todo elo, para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Vista a Instrucción de 15/03/2020 do Ministerio de Defensa, pola que se establecen medidas para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 no ámbito de Ministerio de Defensa.

Vista a Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza, pola que se da publicidade ao Acordo do Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da CCAA de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

Vistas as Instrucións da Fegamp aos Concellos de Galicia.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Crear unha Comisión Municipal de Seguimento da evolución do COVID-19, integrada polas seguintes persoas:

-Alcalde

-Concelleiro-delegado da Área de Urbanismo, Servizos Básicos, Infraestruturas, Desenvolvemento Local e Turismo.

---

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)  
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - [concello@concellodecarino.gal](mailto:concello@concellodecarino.gal)  
[www.concellodecarino.gal](http://www.concellodecarino.gal) – [www.visitacarino.gal](http://www.visitacarino.gal)



-Concelleira-delegada da Área de Benestar Social, Educación, Igualdade, Mar, Medio Ambiente e Comercio.

-Secretaria municipal.

-Policía municipal (2 efectivos)

A Comisión de seguimento do COVID-19 estudará entre outros temas, a colaboración coas autoridades sanitarias, a atención á cidadanía, e todos aqueles temas relacionados coa crise de referencia.

**SEGUNDO:** Segundo o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, quedan suspendidos os termos e prazos para a tramitación dos procedementos administrativos deste Concello, reanudándose o cómputo no momento da perda da vixencia de dito Real Decreto, ou no seu caso, das prórrogas do mesmo.

**TERCEIRO:** Quedan suspendidas as sesións periódicas ou ordinarias dos órganos Colexiados Municipais (Xunta de Goberno Local, Pleno, Comisións Informativas, etc.), así como os actos institucionais dos membros da Corporación.

**CUARTO:** A atención ao público nas dependencias municipais limitarase a causas de urxencia, priorizándose a atención telefónica e telemática. Co obxecto de garantir a prestación do servizo, e tomándose as medidas necesarias para evitar os contactos directos entre o persoal, os servizos administrativos municipais funcionarán a porta pechada en horario de 9 a 14 horas, en réxime de servizos mínimos, e mediante quendas, sendo obrigatoria a presenza nas oficinas do seguinte persoal:

-Unha persoa no departamento de Secretaría.

-Unha persoa no departamento de Servizos Sociais.

-Policía local.

-Persoal de Obras, Vías Públicas, Limpeza e Mantemento.

---

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)  
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - [concello@concellodecarino.gal](mailto:concello@concellodecarino.gal)  
[www.concellodecarino.gal](http://www.concellodecarino.gal) – [www.visitacarino.gal](http://www.visitacarino.gal)

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



**CONCELLO  
DE CARIÑO**



\*O resto do persoal municipal permanecerá no seu domicilio, acolléndose á modalidade de teletraballo. O persoal municipal que non preste servizos dun modo presencial deberá estar dispoñible coa finalidade de prestar servizo ou reemplazar aos compañeiros cando fosen requiridos.

**QUINTO:** Acordar o mantemento da prestación ordinaria do Servizo de Axuda no Fogar, garantizándose a readaptación á situación vixente do Servizo (tanto da Lei de dependencia como o da prestación básica), e co obxecto de minimizar a posibilidade de contaxio entre un dos colectivos máis vulnerables, as persoas dependentes, que están a ser atendidas polos servizos municipais.

**SEXTO:** O Rexistro Civil prestará atención permanente durante as horas de audiencia, priorizándose a atención telefónica e telemática. En particular, deberán asegurarse a expedición de licenzas de enterramento, as inscricións de nacemento en prazo perentorio e a celebración de matrimonios do artigo 52 do Código Civil.

En Concello de Cariño, 16 de marzo de 2020

O Alcalde

José Miguel Alonso Pumar

---

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)  
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - [concello@concellodecarino.gal](mailto:concello@concellodecarino.gal)  
[www.concellodecarino.gal](http://www.concellodecarino.gal) – [www.visitacarino.gal](http://www.visitacarino.gal)

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)